



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN DA INDUSTRIA DE GALICIA (DIHGIGAL), PARA DAR CONTINUIDADE AO FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DO HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DIHGIGAL.

Dunha parte, Dna. Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **Igape**), co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Doutra parte, D. Francisco Yáñez Brea, en nome e representación do HUB DIHGIGAL- Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (en diante, **DIHGIGAL**), con NIF 27877166 na súa calidade de presidente, en virtude da Acta Fundacional da Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia, con capacidade para asinar convenios da asociación segundo o artigo 28 dos estatutos da devandita Asociación DIHGIGAL.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

II. Que o Igape, en aras de favorecer o incremento da produtividade, innovación, internacionalización e, polo tanto, da competitividade das empresas de Galicia asume como unha das súas funcións favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas.

III. Que o Igape, a través das súas diferentes áreas operativas, ten como unha das súas funcións o impulso das relacións cos *digital innovation hubs*.

IV. Que DIHGIGAL, constituído o 28/11/2019, é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar. Segundo o artigo 6 dos seus estatutos, entre os seus fins están:

- Reforzar o ecosistema rexional de excelencia industrial e innovación tecnolóxica de forma que fomenta a colaboración e o aproveitamento de sinerxías no proceso de transformación dixital das empresas.
- Promover unha visión estratéxica industrial a longo prazo orientada á mellora competitiva e o desenvolvemento sostible impulsando a innovación disruptiva e aberta para alcanzar a dixitalización das compañías.
- Fomentar o cambio cultural das empresas industriais respecto a transformación dixital como afrontala e os seus beneficios, especialmente na peme.
- Catalizar a colaboración entre os provedores tecnolóxicos e as empresas industriais.



- Fortalecer as capacidade tecnolóxicas das empresas (demanda tecnolóxica) a través de mecanismos de afloramento e concreción de necesidades tecnolóxicas para converter a Galicia nunha rexión líder na industria dixitalizada.

V. Que a Xunta de Galicia aposta pola innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

VI. Que a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

VII. Que a visión definida pola RIS3 Galicia 21-27 concreouse en tres retos e tres prioridades. Os tres retos son: Reto 1 - Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación; Reto 2 - Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento; e Reto 3 - Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación. As tres prioridades son: Prioridade 1 - Sustentabilidade; Prioridade 2 - Dixitalización; e Prioridade 3 - Enfoque cara ás persoas.

VIII. Que os *hubs* de innovación dixital son estruturas funcionais de soporte que axudan ás empresas para ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais e de produción, así como os seus produtos e servizos a través das tecnoloxías dixitais.

IX. Que os *hubs* de innovación dixital permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados, facilitando á industria o acceso a diferentes servizos de innovación que posibilitan unha adecuada integración de tecnoloxías emerxentes na súa estratexia de negocio. O enfoque tecnolóxico dos *hubs* de innovación dixital debe cubrir de forma prioritaria tecnoloxías que presenten un potencial importante para a industria, pero cunha taxa de penetración actual limitada (por exemplo conectividade e sensórica, automatización flexible, fabricación aditiva, materiais intelixentes, entre outras).

X. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, consonte o establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este programa aliñase coas previsións recollidas na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, así como coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aliñándose co reto 2 (modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento) e coa prioridade 2 (dixitalización). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 2, integrándose polo tanto no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.



XI. Consonte os antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta do evidente beneficio que actividades como as desenvoltas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, Igape e DIHGIGAL teñen interese en axuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da innovación, modernización e transformación tecnolóxica que deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

XII. Que con data 7 de xaneiro de 2022 a Xunta de Galicia e DIHGIGAL asinaron un convenio de colaboración para financiar as actuacións, desenvolvidas ata o 31 de decembro de 2023, necesarias para dar continuidade ao *hub* DIHGIGAL.

XIII. Que con data 31 de decembro de 2023 a Xunta de Galicia e DIHGIGAL asinaron unha addenda para a ampliación de validez do convenio por unha anualidade adicional, correspondente ao exercicio 2024, con validez ata o 31 de decembro de 2024.

XIV. Que o apoio técnico e financeiro da Xunta de Galicia con DIHGIGAL, a través do devandito convenio e posterior addenda, cunha dotación total de 375.000 €, permitiu dispor dos recursos necesarios para avanzar no coñecemento das necesidades específicas das cadeas de valor, dotarse dos recursos necesarios e deseñar unha proposta de catálogo de servizos adecuada ás necesidades dos diferentes sectores de interese.

XV. Que os avances rexistrados ao longo do funcionamento de DIHGIGAL xustifican a necesidade de continuar apoiando ao *hub*, considerado como estratéxico, a través dun novo convenio plurianual que permita a DIHGIGAL continuar co desenvolvemento das actividades de xestión e coordinación propias.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración no mantemento do DIHGIGAL e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para o financiamento dos custos de xestión e coordinación do *HUB* de innovación dixital, DIHGIGAL, o cal será o beneficiario da subvención. Polo tanto, este convenio pretende dar continuidade ás accións apoiadas dende a Xunta de Galicia que fixeron posible a constitución e posta en marcha do *HUB* DIHGIGAL, recoñecido como estratéxico.

Os *HUB* de innovación dixital incorren en importantes custos de xestión e coordinación para levar a cabo a súa función de xanelas únicas de acceso ás tecnoloxías punteiras e para facilitar e impulsar a transformación dixital das empresas.

A través deste convenio o Igape apoiará as actividades de xestión e coordinación do *HUB* DIHGIGAL na súa área de especialización concreta co obxectivo último de estender o impacto positivo da innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, en especial ás pemes.



Co propósito de que DIHGIGAL sexa un *hub* referente na Unión Europea en canto á facilidade de acceso ás tecnoloxías máis punteiras e para consolidar un ecosistema de innovación transversal, DIHGIGAL achega, entre outros, os seguintes recursos;

- a) Recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Infraestruturas físicas adecuadas para as accións a desenvolver.
- c) Equipamento tecnolóxico e medios e servizos técnicos especializados para a realización de probas, análises e validación para o desenvolvemento dos produtos.
- d) Recursos de coñecemento.
- e) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas, financiamento, e comercialización entre outros.
- f) Xeración de *networking*.

Segunda. Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario da axuda concedida queda obrigado a:

- a) Realizar as actuacións recollidas no Anexo I (Plan de traballo) e efectuar os correspondentes gastos e pagos segundo o previsto no Anexo II (Orzamento previsto).
- b) Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos polo Igape.
- c) Informar ao Igape, cunha periodicidade cuatrimestral, da situación e evolución das actividades obxecto do presente convenio remitindo unha memoria explicativa das actuacións desenvolvidas nese período. Esta memoria deberá acompañarse de todos os documentos (protocolos, plans, informes, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Para analizar o contido destas memorias, o Igape poderá contar co apoio de expertos externos.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos do Igape co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- e) Comunicar ao Igape a obtención de subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento destas, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías para o contrato menor (40.000 euros no caso de obras e 15.000 euros no de subministración de bens de equipos ou prestación servizos). A solicitude das ofertas deberá facerse con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- g) Dar consentimento expreso ao Igape para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións



e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.

h) Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

i) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

j) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

k) Cumprir coas obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativas á obriga de subministración de información por ser beneficiario de subvención.

l) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de demora percibidos dende o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

m) No suposto de subcontratación, o beneficiario deberá achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas compren co establecido no artigo 27.7 da citada Lei 9/2007 e no seu Regulamento.

n) No suposto de adquisición, construción e rehabilitación e mellora de bens inventariables, cumprir co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007:

i) No caso de bens inscritibles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Ademais deberá facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.

ii) En canto aos demais bens aos que se refire este apartado, deberán destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período mínimo de 2 anos.

o) Destinar a axuda prevista neste convenio á realización de actividades de carácter non económico, e manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría axeitada en relación con todos os gastos realizados ao abeiro do convenio, así como conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos realizados ao abeiro do convenio.

p) O beneficiario deberá colaborar activamente co Igape en cantas actividades sexan necesarias para a correcta comunicación das actuacións do convenio. Así mesmo, deberá informar previamente, a través do correo electrónico comunicacion@igape.es, dos actos e comunicacións públicas que se desenvolvan en relación con este convenio, coa antelación suficiente para poder valorar a presenza institucional neles.

q) O beneficiario deberá facer constar expresamente a colaboración prestada pola Xunta de Galicia - Igape en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material e documentación de execución información e publicidade das actividades do convenio o logotipo da Xunta de Galicia e do Igape segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).



r) En todas as notas de prensa, presentacións dixitais e demais soportes de difusión de actividades relacionadas coas actuacións deste convenio, debe utilizarse expresamente e de xeito destacado a seguinte expresión: "DIHGIGAL é unha iniciativa que se desenvolve no marco da Estratexia Galega de *Hubs* de Innovación Dixital, promovida pola Xunta de Galicia".

s) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. Orzamento e financiamento

Para o financiamento operativo do *HUB*, DIHGIGAL asignará medios e recursos internos e externos para o desenvolvemento do programa. Para o desenvolvemento das actuacións previstas por DIHGIGAL ao amparo do presente convenio, o Igape cofinanciará os custos de xestión, coordinación e execución de DIHGIGAL cunha achega de 525.000 €.

Este financiamento, para o período 25-27, repártese nas anualidades 2025, 2026 e 2027 con cargo á partida orzamentaria 09.A1.561A.7810 dos orzamentos do Igape, sendo a distribución da axuda por anualidades a seguinte:

Anualidade	2025	2026	2027	TOTAL
Orzamento	175.000€	175.000€	175.000€	525.000€

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

Cuarta. Réxime de pagamentos

Anualidade	2025	2026	2027
Axuda	175.000€	175.000€	175.000€
Período de realización gastos e pagos	Dende 01/01/2025 30/11/2025	01/12/2025 ata 30/11/2026	01/12/2026 ata 30/11/2027
Data límite presentación documentación xustificativa	05/12/2025	05/12/2026	05/12/2027

De non xustificar o orzamento total indicado na táboa, o Igape minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación do pago, DIHGIGAL, achegará a documentación que se relaciona na cláusula sexta e irá acompañada dun informe/memoria dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas.

O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

Co fin de garantir a execución das actividades do convenio, poderán realizarse os seguintes pagamentos:

1. Anticipos:



Naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos, de acordo co artigo 63 do citado Decreto 11/2009, poderanse realizar pagamentos anticipados ata un máximo dun 50% do importe da subvención concedida para cada anualidade de acordo coa seguinte distribución:

O pagamento anticipado deberá solicitarse de forma motivada antes do 1 de novembro de cada anualidade.

En todo caso, o libramento dun anticipo requirirá da previa xustificación da axuda concedida na anualidade anterior e, no caso de que non se xustifique a totalidade do importe concedido, ou se a dita xustificación non se considerase suficiente, deberá procederse ao correspondente reintegro.

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante resolución motivada, previa solicitude debidamente xustificada polo *Hub*.

2. **Pagamentos a conta:**

O beneficiario poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos a conta. A suma dos pagamentos a conta, xunto cos importes anticipados, non poderán superar o 80% do total da subvención nin o importe de cada unha das anualidades.

3. **Pagamento final:**

O importe restante da axuda aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

4. **Réxime de garantías:**

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega é dar apoio ao DIHGIGAL para a consecución dos seus obxectivos en materia de transformación dixital do tecido produtivo galego, é de gran relevancia reducir a carga económica que soporta a entidade facilitando que centren os seus esforzos en dar resposta ás necesidades do ecosistema mais que na propia facturación para garantir a súa subsistencia. Por este motivo, exonérase da constitución de garantía legalmente prevista, conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello da Xunta, da exención da obriga de constitución de garantías.

Quinta. Gastos e conceptos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 01/01/2025 e as datas límite de realización de gastos e pagos establecidas na cláusula cuarta do presente convenio para cada ano.

En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos e cumpran as condicións que se detallan no Anexo I (Plan de traballo).

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

1. Custos de **persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do convenio. Dentro dos custos de persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no convenio.



2. **Equipamento e material** de nova adquisición. As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para as actividades previstas no convenio.

3. **Material funxible**. Poderanse imputar os gastos de materiais funxibles empregados directamente na execución das actividades obxecto do convenio. Os gastos de material de oficina e consumibles informáticos non se financiarán neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.

4. **Subcontratacións**, realizadas polo beneficiario con organismos de investigación, entidades ou empresas, precisas para o desenvolvemento das actividades cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do mesmo.

5. **Servizos técnicos externos** necesarios para a realización das actividades previstas no convenio. Consideraranse servizos técnicos externos aquelas actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como: estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencia técnica e servizos equivalentes.

6. **Gastos xerais** considerados como tales aqueles gastos que pola súa natureza non se poden imputar de forma directa por non poder individualizarse. Estes gastos deberán ser imputados na parte que razoablemente corresponda, ata un máximo do 20% do custo da partida de persoal, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realicen as actividades.

Tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto de todas as actuacións previstas no marco deste convenio e que, polo tanto, a distribución detallada do orzamento recollida no Anexo II ten un carácter estimativo, o beneficiario, con previa comunicación ao Igape, poderá realizar modificacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento previsto (Anexo II) sempre que se trate de minoracións iguais ou inferiores ao 20% dos importes previstos para cada concepto de gasto. Estas minoracións, que non precisarán informe previo favorable da Comisión de seguimento, incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto. Estas modificacións non poderán supoñer un incremento da subvención establecida, nin modificar os importes da subvención prevista para cada anualidade, nin as condicións de xustificación recollidas no presente convenio.

A petición do beneficiario e previo informe favorable da Comisión de seguimento, o Igape poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Para desenvolver as actuacións recollidas neste convenio, o beneficiario poderá recorrer á subcontratación, de acordo coa definición establecida no artigo 27.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia: "cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada".

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da citada Lei 9/2007 e 43 do seu Regulamento, respectando para o efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe



da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscrición a autorice previamente e por escrito a entidade que concede a subvención.

Nas subcontratacións nas que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da citada Lei 9/2007.

Para os efectos do establecido no citado artigo 27 da Lei 9/2007, o custo total das subcontratacións non poderá superar o 50% do custo total das actividades subvencionadas, respectando ao efecto as prohibicións establecidas no punto 7 do citado artigo.

Respecto da previsión de subcontratación, o beneficiario da subvención deberá ter en conta a posible consideración como "poder adjudicador", segundo o establecido no artigo 3.3 d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. No suposto de que concorran as circunstancias que leven ao beneficiario a ter a consideración como "poder adjudicador", este quedará sometido, no proceso de tramitación e adjudicación da contratación, ás prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa do sector público.

Sexta. Forma de xustificación

Para a xustificación da subvención, o beneficiario achegará a documentación que se indica nesta cláusula. A documentación presentarase electronicamente. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenta. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, o Igape realizará o correspondente requirimento conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación dos gastos realizados na execución das actividades do convenio realizarase mediante a achega dunha conta xustificativa, conforme ao disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009, consistente en:

- Memoria técnica xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberán incorporarse todos os documentos (plans, informes, estudos, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Esta memoria técnica deberá obter o informe favorable do Igape, que poderá recorrer ao apoio de expertos externos.



- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 1. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia da resolución da concesión desas outras axudas.
 2. Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que o Igape realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.
 3. Un resumo da execución do proxecto en que conste o elemento subvencionable, o proveedor, o importe (diferenciando a base imponible e o IVE) e a data de emisión e de pagamento de cada un dos xustificantes presentados, agrupados por concepto de gastos. Este documento entregarase tamén en formato dixital e editable para facilitar a revisión e comprobación dos datos.
 4. Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia, e no artigo 48 do seu Regulamento. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, será necesario aclarar o gasto realizado por outros medios. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.
 5. Documentación xustificativa do pagamento: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente. Ademais, debe constar o número e o importe total da factura. De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula correspondente do presente convenio, o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No suposto de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das



facturas ou, como alternativa, un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

6. Respecto da documentación xustificativa do gasto e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia dixitalizada en formato PDF.
7. No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.
8. Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto, deberá achegarse:
 - a. Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da entidade, que consistirá nunha relación detallada por traballador do persoal dedicado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: DNI/NIE, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social), grupo de cotización polo que está contratado e titulación.
 - b. Informe de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación, e que comprenda toda a anualidade. Para o persoal de nova contratación deberá achegarse a copia do contrato.
 - c. Copia das nóminas do persoal dedicado imputado ao convenio e copia dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos.
 - d. Declaración asinada polo responsable de persoal da entidade cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios.
 - e. Boletíns de cotización á Seguridade Social e copia dos seus xustificantes de pagamento.
 - f. En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais.



comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. Alteración das actuacións.

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización do Igape e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Novena. Compatibilidade con outras axudas

A axuda concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para as mesmas actividades que se desenvolvan no marco deste convenio e que estean financiadas cunha intensidade do 100%. As partidas financiadas cunha intensidade menor ao 100% serán compatibles con outras subvencións concedidas para cofinanciar a porcentaxe que debe asumir a entidade ata chegar ao 100% do custo.

Décima. Seguimento e evolución

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de seguimento e coordinación integrada por dous representantes do Igape e dous representantes do beneficiario, designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión celebrará unha reunión cuadrimestral na que se analizará o desenvolvemento das actividades recollidas no Anexo I (Plan de traballo).
2. Informar as modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan modificacións nalgún deles superiores ao 20% das revisións. Estas modificacións terán que ser solicitadas polo beneficiario.
3. Propoñer solucións aos conflitos que poidesen xurdir na aplicación de interpretación das cláusulas.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

Ademais das reunións cuadrimestrais sinaladas, a Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.



Esta Comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3a do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo primeira. Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio ou dos indicadores establecidos dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que determine o Igape.

Décimo segunda. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolva o obxecto do convenio.
- O mutuo acordo das partes.

Décimo terceira. Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A entidade beneficiaria comprométese en materia de publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno a:

a. Dar consentimento expresamente ao tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web do Igape e no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b. Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o



beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

c. Dar consentimento expreso o Igape para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

d. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste convenio e o Igape, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo quinta. Vixencia

O presente convenio está en vigor dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Décimo sexta. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e pola restante normativa que no seu caso resulte de aplicación.

As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte dunha asociación de entidades que está a disposición de todo o sector empresarial dun xeito indiscriminado sen que iso supoña beneficio económico para DIHGIGAL e compren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, 28.10.2022).

Non obstante, se das actuacións incluídas neste convenio se derivasen actividades de carácter económico, DIHGIGAL, como organismo beneficiario das axudas, deberá reintegrar a subvención recibida na medida da actividade xerada.

O Igape ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.



E en proba de conformidade, subscriben o presente documento o 23 de maio de 2025.

A directora xeral do Igape

O presidente de DIHGIGAL

Covadonga Toca Carús

Francisco Yáñez Brea



ANEXO I – PLAN DE TRABAJO

Actividades a desenvolver por DIHGIGAL ao abeiro do convenio, por orde de prioridade:

1. **Captación de fondos para desenvolver proxectos en materia de transformación dixital:**
Estabécese coma un dos principais obxectivos sendo o fito fundamental o de cubrir as necesidades das empresas na materia. Para elo focalizaranse os esforzos en:
 - a. Renovación do selo de excelencia na convocatoria a EDIH 25-27.
 - b. Renovación do selo "BDVA i-Space".
 - c. Renovación como Agrupación Empresarial Innovadora.

2. **Impulso, coordinación e xestión do espazo de datos industrial de Galicia que se desenvolverá no marco do programa RETECH:** DIHGIGAL será responsable do bo funcionamento do espazo de datos que se porá en marcha en Galicia. Para elo elaborárase un convenio específico no que se determinan as funcións, obrigas e responsabilidades concretas do DIHGIGAL, correspondéndolle, entre outras, as seguintes funcións; a xestión técnico-administrativa do espazo de datos, a difusión e publicidade do mesmo así como da obtención dos resultados establecidos no convenio específico para a posta en marcha do devandito espazo de datos industrial de Galicia.

O non cumprimento desta obriga a satisfacción da Administración, suporá a minoración do importe do presente convenio nunha contía de ata 25.000€ anuais.

3. **Dataton DIHGIGAL:** evento focalizado en aportar solucións de impacto inmediato ás empresas para que comecen a desenvolver a súa transformación dixital. Funcionamento *Retos – Matching / Problema – Solución*. Preténdese convocatoria de carácter anual en función do éxito obtido.

4. **Foro Anual Retos Industria:** creación dun foro anual destinado a aliñar a visión de toda a industria galega en materia de transformación dixital.

5. **IV Encontro de EDIH Nacionais:** potenciar as relacións entre DIH nacionais. Este tipo de foros axuda enormemente á mobilización de fondos para os proxectos das empresas na materia.

6. **Mesa de Transición Verde da Industria:** propónse a realización de reunións de carácter trimestral entre grandes consumidores e expertos de recoñecido prestixio.

7. **Marketplace:** expansión da plataforma de conexión oferta e demanda tecnolóxica. Traballar na mellora da plataforma e na incorporación de provedores á mesma.

En aras de optimizar os recursos dispostos, o plan de traballo presentado poderá ser modificado se as actividades non resultan eficaces ou eficientes a xuízo da Comisión de Seguimento e de común acordo entre os integrantes da mesma. Se non se adecuara o plan de traballo, poderase minorar a dotación do convenio na parte proporcional á actividade ineficaz ou ineficiente.



Actividades adicionais e indicadores de obxectivos

Actividade	Indicador	Período	Unidade	Valor obxectivo
Actividades europeas	Colaboracións en redes europeas	por ano	nº	4
ESPAZO DATOS	Segundo convenio específico			
Comunicación	Difusión online de actividades	por ano	nº	100
	Apoio ás actividades de comunicación institucional	por ano	nº	5
	Reunións de networking a nivel estatal	por ano	nº	5
	Reunións de networking a nivel europeo	por ano	nº	5
Promoción de actividades de innovación	Organización de comisións e grupos de traballo	por ano	nº	10
	Apoio a consorcios e/ou empresas en proxectos de dixitalización	por ano	nº	50
	Colaboración con incubadoras /aceleradoras	por ano	nº	3
	Catálogo de solucións tecnolóxicas (nº de provedores incluídos)	por ano	nº	50
Apoio á busca de financiamento	Participación de propostas con participación de DIHGIGAL ou dos seus clúster membros	por ano	nº	10
	Asesoramentos individuais sobre oportunidades de financiamento nacional	por ano	nº	10
	Asesoramentos individuais sobre oportunidades de financiamento europeos	por ano	nº	3
	Asesoramentos colectivos sobre oportunidades de financiamento nacional	por ano	nº	3
	Asesoramentos colectivos sobre oportunidades de financiamento europeos	por ano	nº	1



DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES:

Actividades Europeas

DIHGIGAL fortalecerá a súa integración no ecosistema europeo de innovación dixital a través da súa participación en redes especializadas como a EDIH Network, BDVA e DIH4INDUSTRY, entre outras. A colaboración nestas redes materializarase mediante a asistencia a foros, congresos e reunións de traballo, co obxectivo de intercambiar boas prácticas, acceder a oportunidades de financiamento e fomentar sinerxías con outros *hubs* europeos. Priorizarase a participación en grupos de traballo temáticos sobre Intelixencia Artificial e os Espazos de Datos, aliñados cos intereses estratéxicos da industria galega.

Comunicación

Co fin de maximizar o impacto das súas actividades, DIHGIGAL desenvolverá un plan de comunicación centrado na difusión online de actividades, o apoio á comunicación institucional e a participación en eventos de *networking* a nivel estatal e europeo. Manterase a estratexia de comunicación dixital, consolidando a presenza en redes sociais e plataformas especializadas, coa meta de superar as 100 publicacións anuais sobre proxectos, eventos e oportunidades de financiamento. Ademais, DIHGIGAL apoiará a comunicación institucional colaborando con organismos rexionais e nacionais, promovendo a transformación dixital da industria. Garantirase a presenza en polo menos 5 eventos de *networking* estatais e 5 europeos, como o *EDIH Network Summit* e encontros sectoriais clave.

Promoción de Actividades de Innovación

DIHGIGAL continuará impulsando a innovación mediante a organización de grupos de traballo, comisións e eventos ou obradoiros especializados. Planificaranse polo menos 10 sesións de traballo, abordando temas como a dixitalización industrial, a automatización e a aplicación de IA na industria galega. Ademais, brindarase apoio a consorcios e empresas no desenvolvemento de proxectos de dixitalización, proporcionando asesoramento en solicitudes de financiamento, estruturación de consorcios e busca de socios tecnolóxicos, cun obxectivo de polo menos 50 apoios anuais. Tamén se reforzará a colaboración con incubadoras e aceleradoras, consolidando alianzas con iniciativas como BFAuto e BFFood, para facilitar a conexión entre startups e a industria. Finalmente, continuarase coa ampliación do catálogo de solucións tecnolóxicas, coa meta de incorporar polo menos 50 novos provedores, favorecendo a conexión entre a oferta e a demanda tecnolóxica.

Apoio á Busca de Financiamento

O acceso a financiamento é un factor clave para a dixitalización da industria. DIHGIGAL ofrecerá asesoramento individual e colectivo sobre oportunidades de financiamento nacional e europeo. Realizaranse polo menos 10 asesoramentos individuais sobre programas nacionais, e polo menos 3 sobre financiamento europeo. A nivel colectivo, organizaranse tres sesións informativas sobre financiamento nacional e unha sobre financiamento europeo, dirixidas a pemes e clústeres do ecosistema industrial. Así mesmo, DIHGIGAL participará en polo menos 10 propostas de proxectos, en colaboración con empresas e clústeres galegos, para captar recursos que impulsen a dixitalización do tecido empresarial.

Indicadores de seguimento de resultado e impacto

Servizos	Entidades beneficiarias			Valor obxectivo
	PEMES	Grandes empresas	Outros	
Servizos en grupo				
- formación	nº	nº	nº	5
- talleres para xeración de proxectos	nº	nº	nº	16
- novos proxectos xerados nos talleres	nº	nº	nº	10
Servizos personalizados				
Asesoramento inicial				
- diagnósticos e follas de ruta: nº	nº	nº	nº	15
- acompañamento na súa implementación: nº	nº	nº	nº	15
Pilotos				
- pilotos: nº	nº	nº	nº	10
Asesoramento na busca de financiamento				
- orientacións sobre axudas públicas	nº	nº	nº	55
Galicia	nº	nº	nº	25
España	nº	nº	nº	25
Europa	nº	nº	nº	5
- apoio a propostas presentadas (consorcio, redacción, presentación)	nº	nº	nº	22
Galicia	nº	nº	nº	10
España	nº	nº	nº	10
Europa	nº	nº	nº	2
- apoio a proxectos en curso	nº	nº	nº	11
Galicia	nº	nº	nº	5
España	nº	nº	nº	5
Europa	nº	nº	nº	1
- financiamento conseguido por entidades galegas en proxectos apoiados	€	€	€	1,5 M



DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES:

Servizos en Grupo

DIHGIGAL impulsará a transformación dixital das empresas a través de accións formativas e obradoiros de xeración de proxectos. Agárdase que, cando menos, **5 empresas** participen en formacións dirixidas a pemes, grandes empresas e outros actores do ecosistema industrial, abordando temáticas clave como **intelixencia artificial, automatización e tecnoloxías dixitais aplicadas á industria**.

Ademais, organizaranse obradoiros enfocados na identificación de oportunidades e xeración de proxectos colaborativos, coa participación dun mínimo de **16 empresas**. Como resultado destas sesións, prevese que cando menos **10 empresas** inicien novos proxectos derivados destas actividades. Estes obradoiros estarán deseñados para conectar a **oferta tecnolóxica coa demanda empresarial**, fomentando o desenvolvemento de iniciativas innovadoras.

Servizos Personalizados

Asesoramento inicial

DIHGIGAL proporcionará **asesoramento especializado** ás empresas do sector, a través de **diagnósticos tecnolóxicos e follas de ruta**, cun mínimo de **15 empresas beneficiadas**. Estas sesións permitirán ás empresas identificar as súas necesidades e definir estratexias concretas de dixitalización.

Así mesmo, ofrecerase **acompañamento na implementación de solucións dixitais**, facilitando a adopción de novas tecnoloxías e a integración de ferramentas innovadoras nos seus procesos produtivos. Prestarase apoio a un mínimo de **15 empresas nesta fase de implementación**, asegurando un impacto directo na súa **competitividade e eficiencia operativa**.

Pilotos

Co fin de fomentar a validación e escalabilidade de novas tecnoloxías no ámbito industrial, impulsárase a execución de pilotos tecnolóxicos en **10 empresas**. Estes pilotos servirán para **testar e adaptar solucións tecnolóxicas nun entorno real**, facilitando a súa integración nas empresas e a identificación de melloras antes dunha implantación a maior escala.

Asesoramento na Busca de Financiamento

Un dos eixos estratéxicos de DIHGIGAL é facilitar o acceso ao financiamento para as empresas do sector. Neste sentido, desenvolveranse accións de asesoramento en distintas liñas de **axudas públicas**, tanto a nivel rexional, estatal como europeo. Espérase proporcionar **orientación a 55 empresas** sobre oportunidades de financiamento, desagregadas en base a fonte de financiación en **25 en Galicia, 25 en España e 5 en Europa**.

Adicionalmente, DIHGIGAL brindará **apoio na preparación e presentación de propostas** para proxectos de dixitalización, axudando a empresas e consorcios na **estruturación, redacción e presentación de solicitudes de financiamento**. Prevese o respaldo a un mínimo de **22 empresas**, distribuídas, en base a fonte de financiación en **10 a nivel galego, 10 a nivel estatal e 2 a nivel europeo**.



Tamén se ofrecerá **seguimento e apoio a proxectos en curso**, asegurando a correcta execución dos mesmos e a súa alineación cos obxectivos estratéxicos da industria galega. Prevese o acompañamento a **11 empresas** na xestión de proxectos en execución, incluíndo iniciativas con financiamento procedente de **fontes nacionais e programas europeos**.

Finalmente, espérase que o impacto destas accións se traduza na captación de **1,5 millóns de euros en financiamento** para **entidades galegas** nos proxectos apoiados, fortalecendo o ecosistema de innovación e dixitalización na rexión.



ANEXO II – ORZAMENTO

Por concepto de gasto:

DISTRIBUCIÓN POR CONCEPTOS DE GASTO (€)				
	2025	2026	2027	TOTAL
Persoal	80.000	80.000	80.000	240.000
Gastos Xerais	17.000	17.000	17.000	51.000
Equipamento/Material	3.000	3.000	3.000	9.000
Funxible	-	-	-	0
Subcontratación	-	-	-	0
Servizos técnicos externos	75.000	75.000	75.000	225.000
TOTAL	175.000	175.000	175.000	525.000

Estrutura de custos anual estimada DIHGIGAL e % de cofinanciamento:

	Custos DIHGIGAL estimados ano	Custos subvencionados convenio Igape	% cofinanciamento Igape	% cofinanciamento outras vías públicas e privadas
Custos de persoal	300.000,00 €	80.000,00 €	27%	73%
Servizos a empresas	500.000,00 €	0,00 €	0%	100%
Outras actuacións e estrutura	100.000,00 €	95.000,00 €	95%	5%
	900.000,00 €	175.000,00 €	19%	81%